

Título: *El desarrollo de la autoestima en alumnos de educación secundaria obligatoria y garantía social: programa pedagógico*

Autora: RODES BRAVO, María Luisa

Cualificación: Sobresaliente *cum laude*

Año de defensa: 2005

Universidade: Universidad de Murcia

Este traballo insírese no grupo de investigación en “Actitudes e Valores” do Departamento de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Murcia. O tema concreto ao que se refire é a educación da autoestima. Cremos que a autoestima ten un papel fundamental na formación integral da persoa e con esta contribución intentamos demostrar experimentalmente que a autoestima non só é educable, senón que, ademais, debe ser considerada como un obxectivo a conseguir dentro do currículo oficial. Para iso débese dotar dun novo contido, considerando que a autoestima é un valor e de aí que propoñamos un programa pedagóxico específico que contempla o seu ensino. Esta é a orixe e o fundamento da tese.

Está articulada en dúas partes. A primeira, de carácter teórico, contén a nova concepción da autoestima que subxace en todo o traballo e é o alicerce da segunda parte, na que esta nova visión está referendada no campo da experimentación coa aplicación, nun centro escolar, do programa pedagóxico baseado na presente concepción teórica.

O marco teórico está composto por dous capítulos. No primeiro delimitamos o novo concepto de autoestima. Pensamos que a autoestima ten unha orixe social. Isto é, ninguén nace con alta ou baixa autoestima, senón que se vai aprendendo na interacción social coas persoas máis significativas do ámbito. Neste proceso o suxeito ten un papel activo, é construtor da súa autoestima a partir das experiencias propias. Pero a autoestima do mozo e do adulto, pode ter tamén unha orixe interna, sen a dependencia exterior se o seu comportamento se corresponde con aquel ideal de realización persoal ao que aspira, aínda que non reciba a aprobación de instancias externas. Está claro que as experiencias positivas ou negativas están na xénese da autoestima, pero non só nos valoramos por esas calidades que temos ou posuímos, senón tamén por algo máis radical e máis profundo: polo que somos. E é o descubrimento da persoa como valor, da súa dignidade, o que constitúe o fundamento básico das demais valoracións. Pero á parte de valorarnos polo que “posuímos” ou nos atribúen (calidades físicas e psíquicas, competencias e destrezas) ou por aquilo que “somos” (a persoa como valor), tamén nos valoramos por aquilo que “proxectamos” facer no tempo. A persoa é

un ser de proxectos, pode crear o seu mundo anticipándoo e isto pode converterse en fonte de autovaloración.

É a presente unha concepción máis ampla da autoestima da que ata agora se deu, e é moi escasa a referencia á autoestima dende a perspectiva do valor. Así estaríamos ante un modelo cuxo centro estaría na conciencia que ten o suxeito da súa dignidade como persoa. Este sería o núcleo básico da autoestima e as atribucións do suxeito serían tan só extensións desta cerna básica.

A pesar de que o tema da autoestima foi obxecto de numerosas investigacións, sobre todo a nivel psicolóxico, non se considerou na programación educativa dos centros escolares como un obxectivo educativo a conseguir. Por iso, no segundo capítulo pasamos revista a como está contemplada a autoestima no mundo educativo, dende os profesores nos seus comentarios, a universidade e a formación de profesores, á lexislación vixente, LOGSE e LOCE. Facemos unha proposta para que a autoestima forme parte, de pleno dereito, do currículo prescricional a nivel nacional; analizamos a súa presenza ou ausencia nos proxectos educativos e curriculares de centro e nas programacións destinadas á educación secundaria.

A segunda parte desta tese constitúe o marco práctico da nosa investigación, ten un carácter esencial na mesma, e está articulada en tres capítulos. O primeiro mostra o proceso de posta en práctica do Programa Pedagóxico no IES Infanta Elena da poboación de Jumilla (Murcia). Comezamos formulando as hipóteses que xustifican o traballo empírico, describindo as variables, o deseño da investigación e analizando superficialmente a poboación que compón a mostra que é obxecto da investigación. Consideramos que é a partir da adolescencia cando os alumnos se encontran no momento evolutivo máis idóneo para que poidan adherirse dun xeito consciente ao valor da autoestima, posto que a súa recente capacidade de abstracción lles permite o acceso á introspección e de aquí á clarificación do valor.

A partir desta nova visión de autoestima, construímos un Cuestionario-Escala de autoestima co propósito de verificar empiricamente a través de qué signos se expresa esta nova concepción. Este é o cuestionario que imos utilizar na autoestima dos alumnos para comprobar se houbo un cambio e en qué dirección.

No capítulo cuarto analízase o programa pedagóxico aplicado. Componse dun material para o profesor e un caderno para o alumno. Está estruturado en tres núcleos e con eles pretendemos facer un descubrimento íntimo persoal: son persoa e por iso vallo, son estimable e autoestimable; a miña realidade é a que é, pero pode modificarse positivamente; o futuro está en boa medida, nas miñas mans. En cada un destes núcleos establécense uns obxectivos que expresan as capacidades

que queremos desenvolver nos alumnos e despréganse en varias sesións de traballo cada un. A aplicación do Programa Pedagóxico desenvólvese ao longo do curso escolar utilizando as horas semanais destinadas a actividades complementarias. As actividades propostas baséanse en técnicas de participación activa, técnicas de cooperación e comunicación persuasiva, entre outras. Ao final de cada sesión achégase unha ficha dirixida ao profesor-titor e outra aos alumnos que teñen sinalados os indicadores de avaliación e autoavaliación.

O capítulo quinto ofrece a descrición e a análise dos resultados obtidos nas mostras antes e despois da aplicación do Programa Pedagóxico, xunto cunha representación gráfica pormenorizada destes, para facilitar e enriquecer a súa interpretación e a súa lectura.

As conclusións e a reflexión final ocupan o último capítulo:

- A análise estatística confirma as hipóteses e as subhipóteses e permítenos concluír que o Programa Pedagóxico é un instrumento válido para o desenvolvemento da autoestima na aula; e que pode ser utilizado cunha clara función educativa por parte do profesorado.
- O programa ten unha clara dimensión psico-sociolóxica.
- Deste traballo derivase que a autoestima é educable e que investigar nesta liña é prioritario.
- A autoestima é un valor básico sobre o que se apoian outros valores fundamentais para a persoa.
- Toda acción escolar debe ser favorecedora da autoestima dos alumnos e sen caer no egocentrismo, buscar o seu equilibrio.
- O protagonista deste programa é o alumno, pero o seu condutor o mediador é o profesor e reivindicamos o esforzo e o grande papel que ten neste traballo.
- Formulamos a posibilidade de traballar o valor da autoestima na infancia, cun carácter claramente preventivo.
- Este programa ten unha función eminentemente educativa: podería ser usado nun contexto clínico, en aulas de tempo libre, en programas terapéuticos con rapaces conflictivos dentro das aulas e en centros de reinserción social.
- Ten igualmente un alcance intercultural e pode ser empregado en distintos contextos sociais e niveis escolares.